

**ACTA DA SESION ORDINARIA DO ILTMO. CONCELLO PLENO
CORRESPONDENTE O DIA 2 DE DECEMBRO DO 2002.**

Na Casa Consistorial do Iltmo. Concello de Ribadavia, o día dous de decembro do dous mil dous; ás sete da tarde xúntanse os señores que de seguido se sinalan para procederen á celebración da sesión ordinaria do Concello Pleno oportunamente convocada: Alcalde-Presidente, Don José Pérez Iglesias.- Concelleiros: Don Francisco Alonso Fernández, Don Francisco Xabier Carreira Sebío, Don Julio Dabarca Cuiñas, Don Miguel Fidalgo Areda, Dona Manuela Iglesias Collarte, Don Marcos Blanco Jorge, Dona María José Escudero Estévez, Don José Prieto Pérez, Dona María Martínez Abal, Don Secundino Rodríguez Gómez, Don Celso Sotelo Barroso e Don Antonio Domínguez Lorenzo.-

Está presente o Secretario-Interventor accidental do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó desenvolvemento dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DAS ACTAS DAS ULTIMAS SESIONS CELEBRADAS, QUE FORON AS DO 30 DE OUTUBRO E 18 DE NOVIEMBRE PASADO (Ordinaria e Extraordinarias respectivamente).-

Os membros da Corporación Municipal, por unanimidade, prestan aprobación ó borrador das Actas das últimas sesións celebradas, que foron as do 30 de Outubro e 18 de Novembro pasado (Ordinaria e Extraordinarias respectivamente).

2.- DAR CONTA DE DECRETOS E RESOLUCIONS DA ALCALDIA, SEGUNDO O EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.-

O Pleno dáse por enterado das seguintes:

Do 31 de xullo, dúas sobre aboamentos.

Do 21 de outubro, sobre aboamentos.

Do 22 de outubro, dúas sobre aboamentos.

Do 23 de outubro, sobre aboamentos.

Do 24 de outubro, dúas sobre aboamentos.

Do 25 de outubro, sobre aboamentos.

Do 25 de outubro, sobre delegación da presidencia de Tribunal Cualificador.

Do 28 de outubro, sobre aboamentos.

Do 28 de outubro, sobre delegación a prol do concelleiro Don Secundino Rodríguez Gómez para a celebración de voda civil.

Do 29 de outubro, sobre obras e asuntos varios.

Do 29 de outubro, dúas sobre aboamentos.

Do 30 de outubro, dúas sobre aboamentos.

Do 31 de outubro, sobre aboamentos.

Do 4 de novembro, sobre contratación de persoal para a realización de servicios municipais.

Do 4 de novembro, sobre aboamentos.

Do 5 de novembro, sobre aboamentos.

Do 5 de novembro, sobre nomeamento de membro da Mesa de Contratación do concurso denominado "Urbanización da Alameda do Concello".

Do 6 de novembro, sobre obras e asuntos varios.

Do 6 de novembro, sobre aboamentos.

Do 7 de novembro, sobre aboamentos.

Do 8 de novembro, sobre obras e asuntos varios.

Do 8 de novembro, sobre aboamentos.

Do 11 de novembro, sobre cesamento e nomeamento de Tenentes Alcalde e membros da Comisión Municipal de Goberno.

Do 12 de novembro, sobre aboamentos.

Do 13 de novembro, sobre aboamentos.

Do 13 de novembro, sobre obras e asuntos varios.

Do 14 de novembro, sobre aboamentos.

Do 15 de novembro, sobre aboamentos.

Do 18 de novembro, sobre procedemento negociado sen publicidade para a adxudicación da obra de "Infravivenda Rural na Franqueirán".

Do 18 de novembro, sobre aboamentos.

Do 19 de novembro, sobre aboamentos.

Do 19 de novembro, sobre cuestións fiscais.

Do 20 de novembro, sobre cuestións fiscais.

Do 20 de novembro, sobre aboamentos.

Do 22 de novembro, sobre obras e asuntos varios.

Do 25 de novembro, sobre aprobación de liquidación ano 2002 de mesas e cadeiras.

Do 28 de novembro, resolvendo recurso de reposición sobre cuestións fiscais.

3.- APROBACION, SE PROCEDE, DO CONVENIO MARCO DE COLABORACION ENTRE O MINISTERIO DE INTERIOR E A FEDERACION ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS EN MATERIA POLICIAL.-

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ó dictame da Comisión Informativa de Servicios, Medio Ambiente, que inclúe Policía Local e Tráfico celebrada o pasado día 26 de novembro que di: "Intervén Don Celso Sotelo Barroso, Presidente efectivo da Comisión para dar conta do devandito Convenio, indicando que o mesmo regula a colaboración e coordinación entre a policía local e mailos corpos e forzas de seguridade do Estado; di que dito asunto tratouse na derradeira Xunta Local de Seguridade.

Intervén Don José Prieto Pérez, para sinalar que lle parece un acto propagandístico "Máis seguridade e menos impostos"; di que con declaración de intencións non se soluciona o problema, sinalando que hai que poñer máis medios humanos e materiais co obxecto de que o traballo se desenvolva en condicións axeitadas.

De seguido o Sr. Presidente somete a consideración dos señores asistentes a aprobación ou non de dito Convenio, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, tres (P.P.); reservanse para o pleno os membros do P.S.O.E., B.N.G. e Grupo Mixto.- Por conseguinte e, por maioría fica dictaminada favorablemente".

Intervén Don Francisco Alonso Fernández, concelleiro do grupo municipal do B.N.G., para manifestar que o seu grupo vai a apoiar-lo Convenio en espera de que sexa beneficioso para o Concello, de xeito que se incremente a colaboración entre a Policía Local e as forzas e corpos de seguridade do Estado para garantir unha maior protección dos bens e das persoas.

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., para sinalar que se trata dun acordo sen contido, unha operación de marketing e non se aporta nada novo; di que, con isto non se garanten as gardas nocturnas cuestión que habería que solventar cunha organización do servizo axeitada. Finaliza a súa intervención dicindo que a pesar de todo o seu grupo vaise a pronunciar a prol do Convenio.

Intervén Don Celso Sotelo Barroso, voceiro do grupo municipal do P.P., para sinalar que o convenio en cuestión está ratificado por tódolos partidos a nivel nacional e pola propia Femp; di que o problema de seguridade non se soluciona cun convenio, se ben con isto podese lograr unha maior colaboración entre os corpos e forzas da seguridade do Estado.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non do devandito Convenio, obténdose o seguinte resultado: fica aprobado por unanimidade.

4.- MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO P.S.O.E., SOBRE O PROXECTO DE LEI DE REFORMA DA LEI REGULADORA DAS FACENDAS LOCAIS.-

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ó dictame da Comisión Informativa de Facenda celebrada o pasado día 26 de novembro que di: "Intervén, Don Secundino Rodríguez Gómez, Presidente efectivo da Comisión, para dar conta da seguinte moción que se acha no expediente e que de seguido se transcribe: "O Grupo do PSdeG-PSOE no Concello de Ribadavia ó abeiro da lexislación vixente presenta para ser debatida no vindeiro Pleno a seguinte MOCION:

EXPOSICION DE MOTIVOS

O Proxecto de Lei, 39/88 de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, que se aprobou no Consello de Ministros o derradeiro 11 de outubro, non garantiza o principal mandato constitucional (art. 142) respecto a Facenda Local: A suficiencia financeira e a estabilidade dos recursos municipais.

Os cambios realizados empeoran a situación actual xa que pretendese rebaixar a presión fiscal municipal vía supresión dunha parte sustantiva do IAE trasladando a tributación a outros impostos xa que o devandito proxecto non menciona ningún mecanismo compesador da redución de ingresos municipais.

O Goberno Central aproveita o novo sistema para porse a medalla quitar un imposto(o IAE) que paga o pequeno sector da poboación para reducir os ingresos dos concellos ou obrigar a estes a trasladar a toda a poboación e as familias a subida ou ó establecemento de novos impostos. Queremos suprimir o IAE, pero que se faga a costa dos propios ingresos da Administración Central posibilitando a compensación do IAE das cuotas dos impostos estatais do IRPF e o IBS.

En definitiva, empeora a situación financeira dos Concellos e a distribución de carga tributaria local resultando "menos impostos para uns poucos e mais impostos para o conxunto dos vecinos".

Por outra parte o Proxecto de Lei ignora o gasto que afrontan os Concellos por prestar servizos de titularidade de outras Administracións (Servizos sociais, educación e un longo etcétera) que representan un 30% do seu gasto actual. Mentras a Administración Local en España é a que tén menor porcentaxe no gasto público en Europa e tén que afrontar a Lei de Estabilidade Presupostaria que fai imposible afrontar inversións, este novo Proxecto supón un novo golpe contra a Administración Local.

E inaudito que este Proxecto de Lei se tramite sen diálogo cos representantes dos Concellos a través a FEMP e a súa tramitación por urxencia, que demostran a falta de lealtade institucional atacando a autonomía os Concellos reconocida na Constitución.

Por elo, o Grupo do PsdeG-PSOE propón ó Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1.Rexeitar o Proxecto de Lei de Reforma da Lei 39/1998 Reguladora das Facendas Locais.

2.Plantexar que o Novo Modelo de Financiación Local deberá ter en conta os seguintes principios:

a)O sistema de financiación debe garantir a suficiencia financeira, o equilibrio territorial, a autonomía e a estabilidade das Facendas Locais.

b) O Estado debe ter en conta o Gasto Adicional contraído polos Concellos por prestar servizos de titularidade da Administración Central e Autonómica.

c) Derogación da Lei Xeral de Estabilidade Presupostoria.

d) Eliminación do IAE vía deducción para Autónomos, Comerciantes, Pymes, Xoves Profesionais e Emprendedores, aplicando criterios de progresividade e equidade fiscal. A modificación das figuras tributarias reguladas na Lei de Facendas Locais vixente non debe supoñer incrementos na presión que soportan os cidadáns nin merma dos recursos das Administracións Locais, xa que os beneficios fiscais a un colectivo non pode ser financiados polo conxunto das familias e contribuintes.

e) Transparencia e lealdade: o establecemento de novas transferencias en concepto de participación en tributos de Estado (a chamada cesta de impostos de IVA, IRPF, Impostos Especiais) deberá respetar os principios de solidariedade, equilibrio territorial, suficiencia, estabilidade e autonomía e non suporá merma nos recursos que actualmente perciben as Corporacións Locais de Estado.

f) A situación de provincias como a de Ourense en caída demográfica e con amplias zonas nun proceso paulatino de abandono e empobrecemento.

3. Instar ó Goberno Central a que proceda a abrir un diálogo e negociación coa FEMP e coas distintas Forzas Políticas con representación Parlamentaria para acadar un consenso sobre a necesaria reforma da Financiación Local, sen perxucio de que provisoriamente se elimine o IAE vía deducción dos impostos estatais IRPF e IBS. Ribadavia, a 14 de Novembro de 2.002".

Intervén Don Secundino Rodríguez Gómez, Presidente da Comisión, para sinalar que o seu grupo propón que se trate dunha moción conxunta de todos os grupos municipais, manifestando a súa conformidade tódolos presentes.

Intervén o Sr. Carreira Sebio para solicitar que se establezan criterios con peso á hora de determinar a Participación de Ingresos do Estado, a superficie, o asentamento disperso e o embelecemento da poboación.

De seguido o Sr. Presidente somete a consideración dos señores asistentes a aprobación ou non da moción, obténdose o seguinte resultado: fica dictaminada por unanimidade favorablemente".

De seguido, Don Miguel Fidalgo Areda, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E. fai unha breve explicación da moción presentada.

Intervén o Sr. Carreira Sebio, voceiro do grupo municipal do B.N.G., para dicir que o seu grupo tiña unha moción sobre esta cuestión, se ben manifesta a súa conformidade coa presentada. Finaliza a súa intervención solicitando que a mesma sexa estudiada con rigurosidade ó obxecto de evitar que os concellos máis pequenos reciban menos recursos.

Intervén o Sr. Sotelo Barroso, voceiro do grupo municipal do P.P., para sinalar que neste tema existe unha coincidencia de tódolos grupos e oxalá que tódalas peticións sexan atendidas.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da seguinte moción, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

5.- APROBACION DEFINITIVA, SE PROCEDE, DA MODIFICACION PUNTUAL DO PLANO ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR DO CASCO HISTORICO DE RIBADAVIA.-

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ó dictame da Comisión Informativa de Obras e Urbanismo celebrada o pasado día 26 de novembro que di: "O Sr. Alcalde da conta da seguinte moción que se acha no expediente e que de seguido transcríbese: " **DON JOSE PEREZ IGLESIAS, ALCALDE-PRESIDENTE DO ILTMO. CONCELLO DE RIBADAVIA** , ten a ben presenta-la seguinte

M O C I O N

En relación coa tramitación do expediente relativo á Modificación Púntual do Plano Especial de Reforma Interior do Casco Histórico de Ribadavia, e unha vez informado favorablemente pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda con data 21 de outubro 2002 e pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 3 de outubro de 2002, esta Alcaldía propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar con carácter definitivo a Modificación Púntual do Plano Especial de Reforma Interior do Casco Histórico de Ribadavia.

SEGUNDO.- Proceder á publicación da aprobación definitiva no DOGA e o texto integro da normativa no BOP, en cumprimento do disposto no artigo 48/2ª da Lei 1/1997 de 24

de marzo, do Solo de Galicia. Ribadavia, 20 de Novembro de 2002".-

De seguido o Sr. Alcalde, somete a votación a moción presentada, obténdose o seguinte resultado: fica dictaminada favorablemente por unanimidade".

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da seguinte moción, obténdose o seguinte resultado: por unanimidade fica aprobada a Modificación Puntual do Plano Especial de Reforma Interior do Casco Histórico de Ribadavia.

6.- MOCION CONXUNTA DE TODOLOS GRUPOS MUNICIPAIS SOBRE O SINISTRO DO "PRESTIGE" E SOLUCIONS PERANTE A SUA GRAVIDADE.-

De seguido o Sr. Secretario procede a dar lectura a moción que de seguido transcríbese: " **MOCION CONXUNTA DE TODOLOS GRUPOS MUNICIPAIS SOBRE O SINISTRO DO "PRESTIGE" E SOLUCIONS PERANTE A SUA GRAVIDADE.**

O sinistro do buque "Prestige" nas costas da Galiza volve a plantexar o problema da seguridade do tráfico marítimo que circula polo corredor de Fisterra.

O litoral de Galiza é o máis afectado do mundo pola contaminación derivada de accidentes marítimos destas características, pois nos últimos 32 anos houbo catro buques que provocaron importantes verquidos de hidrocarburos ao mar (Polycommander, Urquiola, Aegean, Sea Prestige), aos que se lle deben sumar outros sinistros nos que tamén houbo unha importante contaminación mariña polos verquidos de produtos altamente contaminantes (Erkowitz, Cason).

Por outra banda, o número de emerxencias do corredor de Fisterra é o máis alto do Estado español. Nunha resposta de data 4 de xuño de 2001 do Goberno do Estado ao BNG recoñecía-se que no ano 2000 o número de emerxencias producidas no corredor ascendeu a 733. Asimesmo, noutra resposta emitida polo Goberno en data 7 de maio de 2001, tamén a preguntas do BNG, o Goberno insistía en que a propósito da posibilidade de estender o dispositivo actual de Fisterra, e tomando como base a análise dos datos de tráfico de buques de tránsito así como dos que navegan nas proximidades, considera-se que a ubicación actual do dispositivo, unido á disponibilidad do sistema de control de tráfico marítimo existente, satisfai de maneira adecuada a seguridade da navegación.

O sinistro do "Prestige" pon en evidéncia, por desgraza, que o dispositivo de separación non é suficiente no caso de transporte de mercadorías perigosas por mar no corredor de Fisterra, ademais de que os controis sobre os barcos non son eficientes nen en porto nen en tránsito, e tamén que os medios de salvamento e prevención de catástrofes ambientais despregados nas costas galegas deixan de ser suficientes e adecuados para encarar situacións de risco ou combater a ameaza de contaminación.

A todo iso, debe-se engadir a pasividade para atallar a grave situación da frota mercante, guiada pola desmesurada ánsia de optimizar o beneficio das compañías armadoras e petroleiras a custa de seguridade no mar e a prevención de catastrofes ambientais despregados nas costas galegas deixan de ser suficientes e adecuados para encarar situacións de risco ou combater a ameaza da contaminación.

Esa falta de iniciativa demostra-se sobretudo na actitude complacente do Goberno español e galego, que non actúan nas instancias en que están representados para protexer os intereses dos galegos, vencellados directamente á actividade pesqueira no mar, que constitue a principal fonte de riqueza de moitas comarcas costeiras de Galiza. A principal evidéncia desa complicidade é o retraso na incorporación ao ordenamento xurídico do paquete de medidas aprobadas a nivel comunitario por mor do accidente do buque "Erika" face ás costas de Bretaña, así como os nulos intentos por reduciren-se os prazos de entrada en vigor desa normativa para acelerar a imposición obrigatoria de medidas encamiñadas a garantir unha maior seguridade no transporte de mercadorías perigosas por mar.

Por todo iso, o Pleno da Corporación Municipal insta:

1. Ao Goberno do Estado a actuar con dilixéncia á hora de reparar e indemnizar os danos provocados polo "Prestige" e solicitar do mesmo o pagamento de percepcións salariais, a exención no pagamento das cotizacións á Seguridade Social, desgravacións fiscais, moratória no pagamento de cretos hipotecarios e persoais e a cobertura do sistema público de seguros para actividade pesqueira polo tempo no que dure as consecuencias deste sinistro.

2. Ao Goberno do Estado a establecer controis e inspección adecuados tanto sobre os barcos que recalán nos portos galegos como sobre os que transitan polo dispositivo de separación de Fisterra, para asegurar o cumprimento das condicións de seguridade e aplicar unha política preventiva, especialmente no relativo ao transporte marítimo de mercadorías perigosas.

3. Ao Goberno de Estado a que leve a cabo a prolongación e distanciamento do dispositivo de separación do tráfico marítimo nas costas de Galiza, especialmente para os buques que transporten mercadorias perigosas.

4. Ao Goberno do Estado a aumentar os medios materiais e humanos do dispositivo de seguraza e salvamento marítimo operantes desde Galiza para que se podan realizar debidamente as labores de prevención e control, ademais das de salvamento e loita contra a contaminación.

5. A Unión Europea a que se dote de forma inmediata o fondo de indemnización dos danos causados pola contaminación por hidrocarburos en augas europeas (Fundo COPE) previsto no paquete de medidas ERIKA II; e a recurtar os prazos máximos previstos para a entrada en vigor das normas incluídas nese paquete de medidas; e asimesmo, a adaptá-las con urxencia ao ordenamento xurídico estatal.

6. A Xunta de Galiza para que, no ámbito das súas competencias, adopte todas as medidas necesarias para minimizar o impacto ambiental do verquido, e asegurar a recuperación en breve prazo dos recursos marisqueiros e pesqueiros da zona afectada, así como a concesión directa de axudas e a actuar ante as instancias competentes para depurar as responsabilidades do sinistro e procurar a rápida e xusta satisfacción das perdas ocasionadas.

7. Ao Goberno do Estado a establecer un organigrama de Salvamento Marítimo na Galiza, que conte coa participación da Xunta de Galiza e da Dirección Xeral da Mariña Mercante, para incrementar a eficacia dese servizo.

8. Este Concello comprométese a apoiar todas as accións veciñais que como voluntarios participen solidariamente na reparación dos danos e as axudas que correspondan e esten o alcance do Concello".

Intervén Don Francisco Xabier Carreira Sebio, para solicitar que o punto 8º da moción, no relativo ós voluntarios, se faga efectivo.

Interveñen o Sr. Fidalgo Areda e o Sr. Sotelo Barroso, para manifesta-lo apoio dos seus grupos á moción presentada.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da seguinte moción, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

7.- MOCIONS, ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Don Antonio Domínguez Lorenzo, concelleiro integrante do grupo mixto, fai presentación das seguintes mocións de urxencia:

PRIMEIRA.- "En relación co estado da Praza Maior de Ribadavia solicita que por parte da Oficina do P.E.R.I. do Casco Histórico en colaboración co Sr. Aparellador Municipal, no prazo de trinta días, procédase a elaborar un informe sobre a Praza Maior de Ribadavia na que se faga constar: 1) Se a pedra ou enlousado na Praza Maior é apta para o tránsito de vehículos e peóns, debendo ter en conta o informe que sobre a pedra consta no Concello e, se informe sobre a deficiencia da mesma e, o alcance da devandita deficiencia sobre o total da obra. 2) Procédase a face-las catas necesarias, en presenza do Sr. Aparellador Municipal, para determina-lo espesor da soleira e resistencia de formigón, e á vista diso se faga o informe preceptivo. 3) Se a obra executada, tendo en conta o anterior se corresponde co proxecto."

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da urxencia da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, oito (P.S.O.E., B.N.G., Don Antonio Domínguez Lorenzo e Dona María José Escudero Estévez); abstención, unha (Don Celso Sotelo Barroso); votos en contra, catro (Os restantes membros do P.P.).- Por conseguinte fica aprobada por maioría absoluta a urxencia da moción.

Intervén Don Francisco Xabier Carreira Sebio, para dicir que se trata dunha vella reivindicación do seu grupo; di que é urxente a redacción dos informes e unha vez feitos haberá que solicitar responsabilidades.

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, para manifesta-lo seu apoio á moción presentada, indicando que é un dos informes técnicos solicitados polo seu grupo sobre as irregularidades das obras públicas.

Intervén o Sr. Sotelo Barroso, para sinalar que votou en contra da urxencia, xa que se trata de cuestións que xa están solicitadas.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

SEGUNDA.- " En relación coas obras públicas propón o Pleno a adopción do seguinte acordo: Que o Sr. Aparellador Municipal realice os informes para todo tipo de obras públicas que execute o Concello, incluídas áquelas que son

prerrogativa do Alcalde, informes que abarcarán o informe previo a realización de calquera tipo de obra así como o seguimento das mesmas polo Sr. Aparellador Municipal e o informe do mesmo para certificacións ou abonos parciais ou totais do pago de ditas obras".

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da urxencia da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, oito (P.S.O.E., B.N.G., Don Antonio Domínguez Lorenzo e Dona María José Escudero Estévez); votos en contra, cinco (Os restantes membros do P.P.).- Por conseguinte fica aprobada por maioría absoluta a urxencia da moción.

Intervén o Sr. Alcalde, para dicir que o seu grupo vai a votar en contra da urxencia das mocións presentadas, xa que as mesmas podíanse haber presentado antes e habelas incluído nas correspondentes comisións informativas para o seu debate igual que se fixo con outras que veñen na Orde do Día.

Intervén o Sr. Carreira Sebio, para dicir que, dicir que o se se está a propoñer ven determinado por lei, se ben preséntase porque non se está a cumprir.

Intervén o Sr. Fidalgo Areda, para rexeita-lo argumento en contra da urxencia polo Sr. Alcalde, sobre todo se temos en conta que este grupo de goberno aprobou por urxencia cuestións de grande trascendencia para os veciños, coma por exemplo o P.E.R.I. ou o aparcamento da Alameda.

Resposta o Sr. Sotelo Barroso, para dicir que os expedientes ós que fai referencia o Sr. Fidalgo Areda, estiveron a súa disposición 48 horas antes para o seu estudio.

Intervén o Sr. Domínguez Lorenzo, para sinalar que a realización de informes refírese tamén ás obras que se realizan no Casco Histórico.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

TERCEIRA.- "En relación coa execución de obras propónse o pleno a adopción do seguinte acordo: Que antes de calquera inauguración de obras instese con carácter preceptivo a realización da recepción previa provisional das mesmas mediante informe do Sr. Aparellador Municipal".

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da urxencia da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, oito (P.S.O.E., B.N.G., Don Antonio Domínguez Lorenzo e Dona María José Escudero Estévez); votos en contra, cinco (Os restantes membros do P.P.).- Por conseguinte fica aprobada por maioría absoluta a urxencia da moción.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

CUARTA.- " Que por parte do Sr. Aparellador Municipal realicese unha relación de obras necesarias, tanto de saneamentos, alcantarillados, asfaltados e hormigonados de camiños os efectos de que se tome de referencia para todo tipo de obras previo informe técnico, as cáles abarcarán, ademáis, aquelas que con calquera carácter, urxente ou non, cualesquiera que sexa o seu importe, proceda do propio Concello ou dun organismo alleo o mesmo".

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da urxencia da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, oito (P.S.O.E., B.N.G., Don Antonio Domínguez Lorenzo e Dona María José Escudero Estévez); votos en contra, cinco (Os restantes membros do P.P.).- Por conseguinte fica aprobada por maioría absoluta a urxencia da moción.

Intervén Don Francisco Xabier Carreira Sebio, para sinalar que cre necesaria a moción presentada, e trátase de que o Sr. Aparellador faga unha relación de obras necesarias e as prioridades as estableza a Corporación.

Intervén o Sr. Fidalgo Areda, para dicir que con esto trátase de facer unha programación co obxecto de evitar que na elección das obras se estea ós caprichos do grupo de goberno de turno.

Intervén o Sr. Alcalde, para dicir que non dubida da capacidade do Sr. Aparellador, se ben estase a falar de cuestións que son competencias do grupo de goberno.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, oito (P.S.O.E., B.N.G., Don Antonio Domínguez Lorenzo e Dona María José Escudero Estévez); votos en contra, cinco (Os restantes membros do P.P.).- Por conseguinte fica aprobada por maioría absoluta a moción presentada.

QUINTA.- " En relación coa Ordenanza de circulación propón o pleno a adopción do seguinte acordo: Suspende provisionalmente polo prazo de 90 días a ordenanza de circulación, no relativo a ampliación das zonas de prohibido aparcarse ou estacionarse previstas a maiores respecto a anterior ordenanza, en tanto non se proceda a dar cumprimento a mesma no senso de colocar sinais verticais e a delimitación das zonas azuis, coa súa sinalización, e que na vindeira comisión informativa de tráfico estúdiense posibles modificacións de dita ordenanza".

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da urxencia da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, sete (P.S.O.E., B.N.G. e Don Antonio Domínguez Lorenzo); abstención, unha (Dona María José Escudero Estévez); votos en contra, cinco (Os restantes membros do P.P.).- Por conseguinte fica aprobada por maioría absoluta a urxencia da moción.

Intervén o Sr. Fidalgo Areda, para dicir que este tema hai que reconducilo e, que se traten posibles modificacións nunha Comisión de Tráfico; non lle ve inconveniente á suspensión cando dita Ordenanza a tivo suspendida o grupo de goberno alomenos un ano. Finaliza a súa intervención dicindo que se trata dunha proposta prudente e razoable.

Intervén Don Celso Sotelo Barroso, para facer unha chamada á responsabilidade do grupos e que reconsideren a súa postura retirando a moción, xa que nos vindeiros días terá que haber unha Comisión Informativa, na cal poderán presentar unha Ordenanza alternativa, xa que o o que hoxe propoñen e levarnos a unha situación caótica.

Intervén o Sr. Domínguez Lorenzo, para sinalar que non retira a moción, e reitera que tódalas sancións impostas ata a data de hoxe poden ser nulas ó non estar debidamente sinalizadas as rúas e pintadas as zonas azuis.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, sete (P.S.O.E., B.N.G. e Don Antonio Domínguez Lorenzo); abstención, unha (Dona María José Escudero Estévez); votos en contra, cinco (Os restantes membros do P.P.).- Por conseguinte fica aprobada por maioría absoluta dita moción.

Don Francisco Xabier Carreira Sebio, voceiro do grupo municipal do B.N.G., fai a presentación das seguintes mocións de urxencias:

PRIMEIRA.- "O Pleno censura as actuacións e xestións do Concelleiro responsable de Servicios (Medio Ambiente, Persoal e Réxime Interior, Policía Local e Tráfico) especialmente pola súa nefasta xestión na Area de Tráfico e Persoal; así como polo seu talante descalificador cos demais membros da Corporación.

Por todo iso, solicita do Alcalde que o cese do seu cometido e funcións na xestión desa área e membro da Comisión de Goberno. Asimesmo acorda que inmediatamente se convoque sesión da Comisión Informativa para tratar o seu cese como Presidente."

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da urxencia da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, oito (P.S.O.E., B.N.G. Dona Maria José Escudero Estévez e Don Antonio Domínguez Lorenzo); abstención, unha (Don Celso Sotelo Barroso); votos en contra, catro (Os restantes membros do P.P.).- Por conseguinte fica aprobada por maioría absoluta a urxencia da moción.

Intervén o Sr. Alcalde para manifesta-la súa confianza no Concelleiro reprobado.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, sete (P.S.O.E., B.N.G. e Don Antonio Domínguez Lorenzo); abstención, dúas (Don Celso Sotelo Barroso e Dona Maria José Escudero Estévez); votos en contra, catro (Os restantes membros do P.P.).- Por conseguinte fica aprobada por maioría absoluta dita moción.

SEGUNDA.- "Tendo acordado este Pleno solicitar un informe previo ó avogado deste Concello no procedemento contencioso-administrativo contra a privatización do matadoiro mancomunado, que non se tén pedido por parte do Sr. Alcalde, e en vista dos datos que se manexan e a urxencia dos prazos e a gravidade dos feitos acaecidos na xestión económica da Mancomunidade, e nomeadamente no seu servicio de matadoiro que perxudicaron gravemente a este Concello que pagou durante os anos 2000 e 2001 as súa parte correspondente ás débedas provocadas polo Convenio coa empresa Viana, este Pleno acorda: Personarse como parte no procedemento xudicial que se sigue no Xulgado de Ribadavia (Dilixencias) sobre este tema e se nomee avogado e procurador neste proceso".

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da urxencia da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, oito

(P.S.O.E., B.N.G., Don Antonio Domínguez Lorenzo e Dona María José Escudero Estévez); votos en contra, cinco (Os restantes membros do P.P.).- Por conseguinte fica aprobada por maioría absoluta a urxencia da moción.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, seis (P.S.O.E. e B.N.G.); abstención, dúas (Dona María José Escudero Estévez e Don Antonio Domínguez Lorenzo); votos en contra, cinco (Os restantes membros do P.P.).- Por conseguinte fica aprobada por maioría dita moción.

TERCEIRO.- "Tendo coñecemento os membros deste Pleno, a pesares da falta de información por parte do Alcalde e da Comisión de Goberno, da existencia dunha partida na actual fase de actuación no Casco Histórico, de aproximadamente 40 millóns para mercar un inmovible no Casco Histórico, este pleno acorda: Que se convoque un concurso público para adquisición dun inmovible no Casco Histórico e a súa conversión nun hotel e e se constitúa unha comisión de seguimento deste acordo coa presenza de tódolos grupos e con previo informe técnico e económico dos técnicos municipais".

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da urxencia da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, oito (P.S.O.E., B.N.G., Don Antonio Domínguez Lorenzo e Dona María José Escudero Estévez); votos en contra, cinco (Os restantes membros do P.P.).- Por conseguinte fica aprobada por maioría absoluta a urxencia da moción.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, oito (P.S.O.E., B.N.G., Don Antonio Domínguez Lorenzo e Dona María José Escudero Estévez); votos en contra, cinco (Os restantes membros do P.P.).- Por conseguinte fica aprobada por maioría absoluta dita moción.

CUARTA.- " Que con carácter de urxencia, na Comisión informativa de facenda do mes de decembro, estudiese a exención máxima que preve a lei para os inmoables do Casco Histórico adicadas a a vivenda habitual".

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da urxencia da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, oito (P.S.O.E., B.N.G., Don Antonio Domínguez Lorenzo e Dona María José Escudero Estévez); votos en contra, cinco (Os

restantes membros do P.P.)-. Por conseguinte fica aprobada por maioría absoluta a urxencia da moción.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

QUINTA.- " Tendo en conta a moción aprobada por unanimidade por este Pleno relativa o naufraxio do "Prestige", en concreto no relativo o punto 8º da mesma, solicita que o pleno acorde aboarlle o custo do autobús a un grupo de ecoloxistas do Ribadavia que teñen pensado trasladarse a facer labores de limpeza a costa da morte os vindeiros días 6 e 7 de decembro".

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da urxencia da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, oito (P.S.O.E., B.N.G., Don Antonio Domínguez Lorenzo e Dona María José Escudero Estévez); votos en contra, cinco (Os restantes membros do P.P.)-. Por conseguinte fica aprobada por maioría absoluta a urxencia da moción.

Intervén o Sr. Alcalde para sinalar que tratará de canalizar dita petición a través de Protección civil.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

Don Miguel Fidalgo Areda, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., fai a presentación das seguintes mocións de urxencias:

PRIMEIRA.- "En relación cos acordos de DEDICACION EXCLUSIVA E DEDICACION PARCIAL aprobados por este Concello, propón o Pleno desta Corporación a adopción do seguinte acordo: Mentras non se aproben os Presupostos do ano 2.003, e á espera de que a Corporación decida o máis convinte, a partir do 1 de Xaneiro do 2.003 anúlense o acordo de que haxa unha adicación exclusiva e as adicacións parciais acordadas."

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da urxencia da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, oito (P.S.O.E., B.N.G., Don Antonio Domínguez Lorenzo e Dona María José Escudero Estévez); votos en contra, cinco (Os restantes membros do P.P.)-. Por conseguinte fica aprobada por maioría absoluta a urxencia da moción.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, sete (P.S.O.E., B.N.G. e Don Antonio Domínguez Lorenzo); abstencións, unha (Dona María José Escudero Estévez); votos en contra, cinco (Os restantes membros do P.P.).- Por conseguinte fica aprobada por maioría absoluta dita moción.

SEGUNDA.- "Abrir unha investigación sobre a imposición e xestión de MULTAS DE TRAFICO no Concello, comparecendo ó Alcalde, o Concelleiro responsable, o Secretario, Funcionario responsable da xestión dos expedientes e o Cabo e membros da Policía Local que sexan requeridos. Darase conta no prazo dun mes sobre as averiguacións e conclusións."

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da urxencia da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, oito (P.S.O.E., B.N.G., Don Antonio Domínguez Lorenzo e Dona María José Escudero Estévez); votos en contra, cinco (Os restantes membros do P.P.).- Por conseguinte fica aprobada por maioría absoluta a urxencia da moción.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, oito (P.S.O.E., B.N.G., Don Antonio Domínguez Lorenzo e Dona María José Escudero Estévez); votos en contra, cinco (Os restantes membros do P.P.).- Por conseguinte fica aprobada por maioría absoluta dita moción.

TERCEIRA.- " Propón o pleno a adopción do seguinte acordo: Que en todos os actos oficiais relacionados con obras e actuacións públicas no Concello contarán coa presenza da totalidade da Corporación Municipal."

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da urxencia da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, oito (P.S.O.E., B.N.G., Don Antonio Domínguez Lorenzo e Dona María José Escudero Estévez); votos en contra, cinco (Os restantes membros do P.P.).- Por conseguinte fica aprobada por maioría absoluta a urxencia da moción.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

CUARTA.- " Propón o pleno a adopción do seguinte acordo: Que no prazo dunha semana se constitúa a Comisión de

PROMOCION DO PARQUE EMPRESARIAL solicitando que na mesma o I.G.V.S. informe das solicitudes de instalacións ata a data, así como das xestións en relación ás empresas interesadas".

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da urxencia da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, oito (P.S.O.E., B.N.G., Don Antonio Domínguez Lorenzo e Dona María José Escudero Estévez); votos en contra, cinco (Os restantes membros do P.P.).- Por conseguinte fica aprobada por maioría absoluta a urxencia da moción.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, oito (P.S.O.E., B.N.G., Don Antonio Domínguez Lorenzo e Dona María José Escudero Estévez); votos en contra, cinco (Os restantes membros do P.P.).- Por conseguinte fica aprobada por maioría absoluta a devandita moción.

QUINTA.- "Requerir ó Alcalde a que antes de fin de ano presente os informes técnicos que acordou o Pleno sobre obras públicas da pasada lexislatura, e en caso contrario que se realice unha AUDITORIA TÉCNICA sobre a correcta execución das mesmas, en colaboración do Aparellador Municipal e os técnicos que él considere oportunos, empezando por esta orde de prioridades:

- * Convenio coa Orde San Xoán de Deus.
- * Saneamento Xestal ó Parque Empresarial.
- * PRAZA MAIOR.
- * CONSISTORIAL.
- * Obras diversas (Agricultura, Planos Provinciais, Brigadas de Obras, etc...)na Rúa Veronza.
- * Obras Consellería de Agricultura.
- * Iluminación da Igrexa de San Xoán.
- * Outras."

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da urxencia da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, oito (P.S.O.E., B.N.G., Don Antonio Domínguez Lorenzo e Dona

María José Escudero Estévez); votos en contra, cinco (Os restantes membros do P.P.).- Por conseguinte fica aprobada por maioría absoluta a urxencia da moción.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, sete (P.S.O.E., B.N.G. e Don Antonio Domínguez Lorenzo); abstención, unha (Dona María José Escudero Estévez); votos en contra, cinco (Os restantes membros do P.P.).- Por conseguinte fica aprobada por maioría absoluta dita moción.

SEXTA.- " Propoñer o Pleno a adopción do seguinte acordo: Comunicarlle ó Consello Regulador da Denominación de orixe "Ribeiro" que ó fín da legislatura actual quedará cancelada a cesión do local Municipal, por precisalo este Concello."

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da urxencia da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, oito (P.S.O.E., B.N.G., Don Antonio Domínguez Lorenzo e Dona María José Escudero Estévez); votos en contra, cinco (Os restantes membros do P.P.).- Por conseguinte fica aprobada por maioría absoluta a urxencia da moción.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, oito (P.S.O.E., B.N.G., Don Antonio Domínguez Lorenzo e Dona María José Escudero Estévez); votos en contra, cinco (Os restantes membros do P.P.).- Por conseguinte fica aprobada por maioría absoluta dita moción.

SETIMA.- En relación coa sesión ordinaria do pleno deste Concello correspondente o mes de decembro, proponse o pleno a adopción do seguinte acordo: Que o cambio da sesión ordinaria sexa fixada pola xunta de voceiros do Concello".

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da urxencia da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

Don Antonio Domínguez Lorenzo, voceiro do grupo mixto, formula os seguinte rogos:

1º ROGO.- Rogaríalle ó Sr. Alcalde que aprobe as bases e convoque a praza de auxiliar delineación.

2º ROGO.- Rogaríalle ó Sr. Alcalde que adopte as medidas oportunas para que tanto por Tedesa, Fomento, Cotop e Deputación se proceda á limpeza das recollidas de pluviaais tanto nas estradas coma na rúas de todo o municipio.

Don Francisco Alonso Fernández, concelleiro do grupo municipal do B.N.G., formula o seguinte rogo:

ROGO.- Rogaríalle ó Sr. Alcalde que cambie a ubicación da feira e, a mesma volva o seu estado orixinal.

Don Francisco Xabier Carreira Sebío, Voceiro do grupo municipal do B.N.G., formula as seguintes preguntas:

1ª PREGUNTA.- Interesa do Sr. Alcalde explicación sobre dúas resolucións que constan no expediente do Pleno, unha relativa a un concurso para adxudicar unha obra de acondicionamento dunha infravivenda e outra sobre a venda de maquinaria do módulo de carpintería.

Resposta o Sr. Alcalde: Respecto da infravivenda, di que se conseguiu unha subvención da Cotop para a rehabilitación da mesma dado o estado desta e, a falta de recursos da persoa propietaria do inmovible; en canto ó material de carpintería di que o mesmo atopábase por duplicado no Concello e estaba moi deteriorado coma consecuencia das riadas, indicando que consta no expediente valoración dunha empresa especializada.

2ª PREGUNTA.- Interesaríalle saber dende cando ten coñecemento o Sr. Alcalde do Convenio entre a Mancomunidade e Cárnicas Viana S.L. e, se o Sr. Alcalde coñece que a Mancomunidade abriu unha zanza na zona do matadorio para conduci-los verquidos ata o río.

Resposta o Sr. Alcalde: Respecto á primería cuestión non se acorda da data; respecto á segunda, é unha cuestión que debe preguntarse na Mancomunidade, se ben di que descoñece dita cuestión, sinalando que se fixeron xestións para a construción dunha nova depuradora.

Don Miguel Fidalgo Areda, Voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., formula o seguinte rogo:

ROGO.- Rogaríalle ó Sr. Alcalde a xestión de diversos acordos acadados pola Corporación, entre outros, os que se refiren á elaboración dunhas bases de contratación de obras, servicios e subministros, a relativa ó estudio dos

estatutos do Asilo, terreos e ubicación do ambulatorio, terreos para o cemiterio e feira do viño.

E sendo as nove e cuarto da noite, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.